

**ALCALDÍA DO CONCELLO
«CONCELLO»**

**CIRCULAR COMPLEMENTARIA SOBRE A ELABORACIÓN DO PLAN PROVINCIAL
DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
PLAN ÚNICO DE CONCELLOS**

POS+ ADICIONAL 1/2018 POR MAIOR ACHEGA DESTA DEPUTACIÓN

O 25 de maio de 2018 enviouse a ese concello unha circular relativa á elaboración do POS + ADICIONAL 1/2018 por maior achega desta deputación na que se lle indicaba a cantidade asignada a ese concello partindo dunha maior achega provincial total de 12.000.000,00 €.

Non obstante, esta deputación ten previsto consignar nun vindeiro expediente de modificación de créditos 4.000.000,00 € máis, o que fai un total de 16.000.000,00 € de maior achega provincial ao POS+ 2018.

Por isto, comunícolle que o importe definitivo que lle corresponde a ese concello no POS+ Adicional 1/2018 é o seguinte:

CONCELLO	POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial (€)
«CONCELLO»	«CANTIDADE»

Coa finalidade de que ese concello poda realizar a súa solicitude tendo en conta ese novo dato, os prazos de presentación da documentación pasan a ser os seguintes.

	Data anterior	Nova data
1º prazo	08 de xuño 2018 ás 15:00	Xoves 14 de xuño 2018 ás 15:00
2º prazo	20 de xullo 2018 ás 15:00	Martes 31 de xullo 2018 ás 15:00

No caso de que ese concello xa presentara a súa solicitude, deberá realizar unha nova adaptada a estes cambios.

O resto do contido da anterior circular non se modifica.

O presidente
Valentín González Formoso

**ALCALDÍA DO CONCELLO DOS
93 concellos da provincia**

**CIRCULAR SOBRE A ELABORACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN
ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
PLAN ÚNICO DE CONCELLOS**

POS+ ADICIONAL 1/2018 POR MAIOR ACHEGA DESTA DEPUTACIÓN

O Pleno desta deputación, na sesión extraordinaria realizada o 16 de maio de 2018, aprobou o **PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS+ 2018)**, condicionado á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos (EMC) 3/2018 aprobado inicialmente nesa mesma sesión plenaria. O acordo de aprobación do Plan está sendo sometido a exposición e información pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 94 do 21 de maio de 2018, e tamén vai ser remitido a informe das Administracións Estatal e Autonómica, para que no prazo de dez días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren convenientes. Unha vez transcorridos estes prazos se non hai alegacións, e despois da entrada en vigor do dito EMC, o POS+2018 considerárase definitivamente aprobado.

O Plan elaborouse de acordo coas súas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno da deputación na sesión realizada o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP nº 188, do 3 de outubro de 2017, sen que se presentara reclamación nin alegación ningunha.

No dito acordo de aprobación do POS+ 2018 inclúense tanto un Plan Base como un Plan Complementario composto polos investimentos financeiramente sostibles solicitados polos concellos de acordo co previsto na Base 4.3. Estes investimentos aprobáronse con natureza de reserva, condicionados á existencia de financiamento procedente de baixas de licitación ou de maiores achegas da deputación.

Coa finalidade de realizar unha maior achega provincial ao POS+ 2018, no mesmo EMC 3/2018 aprobado inicialmente polo pleno da deputación o 16 de maio de 2018, consignouse a cantidade de 12.000.000,00 € para o financiamento do POS+ 2018 Adicional, que se suma á cantidade inicialmente destinada ao financiamento do POS+ 2018, que ascendía a 76.000.000,00 €, o que fai un total de achega provincial ao Plan de 88.000.000,00 €.

Esta maior achega provincial de 12.000.000,00 € distribuíuse entre os 93 concellos da provincia aplicando os mesmos criterios obxectivos previstos nas Bases, correspondéndolle a ese concello a seguinte cantidade:

CONCELLO	POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial (€)
CONCELLO	CANTIDADE

Os investimentos solicitados por ese concello incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2018 son os que figuran ao final desta circular.

Na Base 4.3 establécese que os concellos deberán financiar con cargo a esta nova cantidade asignada, en primeiro lugar, as **débedas con provedores pendentes de pago** que non foran financiadas a través do POS+ 2017 e POS+ 2018, debendo excluírse as facturas que non poidan pagarse por causas non imputables ao concello; e en segundo lugar, os **investimentos financeiramente sostibles** solicitados inicialmente no Plan Complementario ou outros novos que solicite o concello.

PAGO A PROVEDORES

Os concellos deberán presentar información actualizada da súa situación en relación co **pago a provedores**, incluíndo as facturas con provedores de importe igual o superior a 100,00 € (IVE incluído) que teñan entrada no Rexistro Xeral do Concello ata o **31 de decembro de 2017** (este incluído), e que estean pendentes de pago no momento de elaboración do informe.

No caso de que o concello non teña pendentes de pago facturas coas características indicadas no parágrafo anterior, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe, segundo o modelo que figura como Anexo III-a) a estas Bases, no que se indique esta circunstancia, e subirase na [Convocatoria POS+AD-SOLICITUDE 2018](#).

No caso de que o concello teña pendentes de pago facturas coas características indicadas, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe, segundo o modelo que figura como Anexo III- b ás Bases, coa relación desas facturas que estean pendentes de pago no momento da elaboración do dito informe, e subirase na [Convocatoria POS+AD- PROVEDORES 2018](#). O contido desde informe detállase no Apartado A.1 desta Circular.

INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

Despois de atender, de ser o caso, ao financiamento das facturas pendentes de pago, o concello poderá destinar esta maior achega provincial asignada ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles, ben aos solicitados inicialmente no Plan Complementario ao POS+ 2018, ou ben a outros novos investimentos financeiramente sostibles

É de destacar que se o concello confirma a planificación dos investimentos previstos no Plan Complementario da súa solicitude inicial, os prazos de xestión do Plan Adicional son moi curtos porque no seu momento xa presentou toda a documentación e os investimentos están aprobados coa condición da existencia de financiamento, polo que previsiblemente esta deputación poderá aprobalos de forma definitiva nos vindeiros meses.

Sen embargo, se o concello modifica a súa planificación inicial e inclúe novos investimentos, ou se solicita outros novos por non ser suficientes os previstos no Plan Complementario inicial, os prazos de xestión do Plan Adicional son máis longos, porque o Pleno do concello debe aprobar os novos investimentos e presentar nova documentación, que debe ser revisada para a súa inclusión noutra fase do Plan Adicional que máis adiante debe aprobar o Pleno da deputación.

Partindo da maior achega provincial asignada a ese concello e dos seus investimentos supletorios incluídos no Plan Complementario ao POS+2018, ese concello podería encontrarse nunha das seguintes catro situacións:

SITUACIÓN A: CONCELLOS CON DÉBEDAS CON PROVEDORES PENDENTES DE PAGO SUPERIORES Á CANTIDADE ASIGNADA

No caso de concellos con débedas con provedores pendentes de pago superiores á nova cantidade asignada, deberán presentar nesta deputación, **ata o 8 de xuño de 2018 ás 15.00 horas**, a seguinte documentación:

A.1.- INFORME ACTUALIZADO SOBRE AS FACTURAS PENDENTES DE PAGO

Convocatoria POS+AD- PROVEDORES 2018.

A Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello deberá emitir un informe, segundo o modelo que figura como Anexo III-b ás Bases, coa relación de facturas con provedores de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído) que teñan entrada no Rexistro Xeral do Concello ata o **31 de decembro de 2017** (este incluído), e que estean pendentes de pago no momento de elaboración do informe.

Neste informe deberán separarse as facturas que se imputan ao capítulo II do orzamento municipal e as que se imputan ao capítulo VI, e indicaranse, entre outros datos para cada débeda, a data de entrada no Rexistro do concello, o resumo do concepto, a identificación do provedor e o importe da débeda (IVE incluído), relacionándose segundo a orde da súa entrada no Rexistro do concello. No caso de facturas que teñan financiamento doutras Administracións Públicas, deberá desagregarse o seu financiamento e só poderá aplicarse a achega provincial asignada neste Plan á parte que financia o concello.

Non obstante, deberán excluírse deste informe as facturas que non poidan pagarse por causas non imputables ao concello, debendo declararse esta circunstancia no dito informe. Ademais, deberán excluírse as que xa foron financiadas a través do POS+ 2017 e POS+ 2018.

Neste informe o concello poderá, voluntariamente, incluír tamén as facturas con provedores de importe igual o superior a 100,00 € (IVE incluído) con data de entrada no Rexistro Xeral do concello posterior ao 31 de decembro de 2017 que estean pendentes de pago no momento da elaboración do referido informe.

A.2.- ACORDO OU RESOLUCIÓN DE CONFORMIDADE COA APLICACIÓN DA NOVA ACHEGA PROVINCIAL ASIGNADA AO PAGO DE FACTURAS CON PROVEDORES PENDENTES

Convocatoria POS+AD- SOLICITUDE 2018

Tendo en conta que na citada Base 4.3 xa se contemplaba a obrigatoriedade de destinar a maior achega provincial ao pago das facturas con provedores pendentes de pago, e dado que o Pleno do concello aceptou expresamente as Bases reguladoras do Plan, non será necesario que neste momento se aprobe novamente mediante acordo plenario a conformidade do concello coa aplicación da nova achega provincial asignada ao pago de facturas con provedores pendentes de pago, sendo suficiente para estes efectos a Resolución da Alcaldía ou Acordo da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda.

SITUACIÓN B: CONCELLOS QUE DESEXAN CONFIRMAR TODOS OU ALGÚN DOS SEUS INVESTIMENTOS DO PLAN COMPLEMENTARIO AO POS+2018 SEN INCLUIR NOVOS INVESTIMENTOS

No caso de concellos que desexen confirmar todos ou algún dos seus investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2018, sen incluír novos investimentos, despois de restar, de ser o caso, o importe necesario para o pago das facturas con provedores pendentes de pago que figuren no informe indicado no apartado B.1, poderán destinar o resto desta nova achega provincial ao financiamento dos investimentos previstos no Plan Complementario ao POS+ 2018.

Neste suposto, ese concello deberá presentar nesta deputación **ata o 8 de xuño de 2018 ás 15.00 horas** a seguinte documentación:

B.1.- INFORME ACTUALIZADO SOBRE AS FACTURAS PENDENTES DE PAGO.

No caso de que o concello non teña pendentes de pago facturas con provedores de importe igual o superior a 100,00 € (IVE incluído) que teñan entrada no Rexistro Xeral do Concello ata o **31 de decembro de 2017** (este incluído), que estean pendentes de pago no momento de elaboración do informe, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe, segundo o modelo que figura como Anexo III-a) ás Bases, no que se indique esta circunstancia, e subírase na [Convocatoria POS+AD- SOLICITUDE 2018](#).

No caso de que o concello teña pendentes de pago facturas destas características, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe, segundo o modelo que figura como Anexo III- b) ás Bases, coa relación de facturas con provedores de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído) que teñan entrada no Rexistro Xeral do Concello ata o **31 de decembro de 2017** (este incluído). Este informe subírase na convocatoria [POS+AD-PROVEDORES 2018](#). Os detalles deste informe figuran no apartado A.1 desta Circular.

B.2.- ACORDO OU RESOLUCIÓN DE CONFORMIDADE COA APLICACIÓN DA NOVA ACHEGA PROVINCIAL ASIGNADA A TODOS OU ALGÚN DOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES INCLUIDOS NO PLAN COMPLEMENTARIO [Convocatoria POS+AD- SOLICITUDE 2018](#)

Tendo en conta que o Pleno dese concello xa aprobou os seus investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario, non será necesario que neste momento se aprobe novamente mediante acordo plenario a conformidade do concello coa aplicación da nova achega provincial asignada ao financiamento de todos ou algúns dos investimentos que ese concello tiña incluídos no Plan Complementario, sendo suficiente para estes efectos o Resolución da Alcaldía ou Acordo da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda.

O Acordo ou Resolución do concello de aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2018 deberá indicar a denominación do investimento ou investimentos do Plan Complementario que solicita aprobar definitivamente, desagregando a achega provincial aplicada e, de ser o caso, a achega municipal que voluntariamente realice. No caso de realizar achega municipal, deberá declararse que o concello ten crédito ou se compromete a consignalo no seu orzamento para o seu financiamento.

C.3.- PROXECTOS E DEMAIS DOCUMENTACIÓN [Convocatoria POS+AD- OBRASSUM 2018](#)

Dado que se trata de investimentos aprobados no Plan Complementario ao POS+ 2018, cuxa documentación xa está subida na plataforma SUBTEL, unicamente é necesario que o concello suba un escrito asinado pola Alcaldía confirmando que a os proxectos e demais documentación son os mesmos.

No suposto de que o investimento incluído no Plan Complementario ao POS+ 2018 estivese sometido a condicións que aínda non fosen declaradas cumpridas, o concello poderá solicitar a aplicación ao dito investimento desta maior achega provincial, pero na aprobación que realice esta deputación seguirá

igualmente condicionado, e non se poderá contratar nin executar ata que a deputación, á vista da documentación que presente o concello, declare o seu cumprimento.

SITUACIÓN C.- CONCELLOS QUE DESEXAN SOLICITAR UNICAMENTE NOVOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES NO PLAN ADICIONAL AO POS+2018

No caso de concellos que non confirmen ningún dos investimentos incluídos no Plan Complementario, poderán solicitar novos investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen na Base 2.3, para investir a nova cantidade asignada, despois, de ser o caso, de restar o importe necesario para o pago das facturas con provedores pendentes de pago que figuren no informe indicado no apartado C.1.

Neste suposto, ese concello deberá nesta deputación **ata o 20 de xullo de 2018 as 15:00 horas** a seguinte documentación:

C.1.- INFORME ACTUALIZADO SOBRE AS FACTURAS PENDENTES DE PAGO

No caso de que o concello non teña pendentes de pago facturas con provedores de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído) que teñan entrada no Rexistro Xeral do Concello ata o **31 de decembro de 2017** (este incluído), que estean pendentes de pago no momento de elaboración do informe, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe, segundo o modelo que figura como Anexo III-a) ás Bases, no que se indique esta circunstancia, e subírase na **Convocatoria POS+AD- SOLICITUDE 2018**.

No caso de que o concello teña pendentes de pago facturas destas características, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe, segundo o modelo que figura como Anexo III- b) ás Bases, coa relación de facturas con provedores de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído) que teñan entrada no Rexistro Xeral do Concello ata o **31 de decembro de 2017** (este incluído). Este informe subírase na convocatoria **POS+AD-PROVEDORES 2018**. Os detalles deste informe figuran no apartado A.1 desta Circular.

C.2.- CERTIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO DO CONCELLO APROBANDO OS NOVOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES A INCLUIR NO PLAN ADICIONAL **Convocatoria POS+AD- SOLICITUDE 2018**

O concello deberá presentar unha certificación do Acordo adoptado polo Pleno do concello solicitando a inclusión neste Plan Adicional dos novos investimentos, segundo o modelo a que figura na plataforma Subtel. O Acordo deberá indicar a denominación dos novos investimentos financeiramente sostibles solicitados, desagregando a achega provincial aplicada e, de ser o caso, a achega municipal que voluntariamente realice. No caso de realizar achega municipal, deberá declararse que o concello ten crédito ou se compromete a consígnalo no seu orzamento para o seu financiamento

C.3.- PROXECTOS E DEMAIS DOCUMENTACIÓN **Convocatoria POS+AD- OBRASSUM 2018**

Dado que se trata de novos investimentos, o concello deberá subir á plataforma Subtel os documentos esixidos nas Bases reguladoras do POS+ 2018 para os investimentos financeiramente sostibles, que son os que a continuación se indican, utilizando os Anexos que figuran na plataforma Subtel.

- Proxecto técnico da obra ou prego da subministración
- Anexo V: informe técnico sobre o investimento
- Anexo VI: Informe técnico – xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos
- Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible
- Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre o investimento financeiramente sostible

SITUACIÓN D: CONCELLOS QUE DESEXAN CONFIRMAR TODOS OU ALGÚN DOS SEUS INVESTIMENTOS DO PLAN COMPLEMENTARIO AO POS+2018 E INCLUIR NOVOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

Os concellos poderán acordar, por unha banda, confirmar todos ou algún dos seus investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario aprobado, despois, de ser o caso, de restar o importe necesario para o pago das facturas con provedores pendentes de pago que figuren no informe emitido pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello segundo se detalla no apartado A.1; e por outra banda, incluír novos investimentos financeiramente sostibles ata esgotar a nova achega provincial asignada, ben por modificar a súa planificación inicial, ou ben por ser insuficientes os incluídos no Plan Complementario aprobado para esgotar toda a nova asignación provincial.

Neste suposto, ese concello deberá presentar a documentación correspondente en dous momentos diferentes, segundo se indica:

- Para a confirmación dos investimentos **previstos no Plan Complementario** aprobado, deberá presentar nesta deputación, **ata o 8 de xuño de 2018 ás 15.00 horas**, a documentación indicada para a Situación B.
- Para a inclusión de **novos investimentos**, deberá presentar na plataforma SUBTEL desta deputación **ata o 20 de xullo de 2018 as 15:00 horas**, a documentación indicada para a Situación C.

PREVISIÓN DA APROBACIÓN POLA DEPUTACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2018

Despois de revisar a documentación presentada polos concellos, esta deputación poderá aprobar o POS+ Adicional 1/2018 en dúas fases:

- Na primeira fase incluíranse os investimentos que coincidan cos que estaban previstos no Plan Complementario xa aprobado polo Pleno do concello e da deputación xunto co Plan Base, condicionados á existencia de créditos para o seu financiamento. Ademais, incluíranse a aplicación da achega provincial ao pago a provedores que corresponda. A aprobación definitiva desta 1ª fase previsiblemente poderá realizarse mediante Resolución da Presidencia nos vindeiros meses.
- Na segunda fase incluíranse os novos investimentos solicitados polos concellos distintos dos previstos no Plan Complementario e ademais, incluíranse a aplicación da achega provincial ao pago a provedores que corresponda. A aprobación definitiva desta 2ª Fase realizarase mediante acordo do pleno provincial, despois de revisar a documentación que os concellos poden presentar ata o 20 de xullo de 2018, cando estea todo correcto e completo.

A deputación enviará aos concellos unha circular con instrucións sobre a aplicación da achega provincial ao pago a provedores e sobre a contratación e execución dos investimentos que se inclúan nas dúas fases do POS+ Adicional 1/2018 despois da súa aprobación definitiva.

ANEXO: INVESTIMENTOS DESE CONCELLO INCLUIDOS NO PLAN COMPLEMENTARIO AO POS+ 2018

POS+ADICIONAL 1/ 2018**ASIGNACION DE FONDOS**

CONCELLO	ASIGNADO
Abegondo	172.620,88
Ames	339.927,55
Aranga	138.580,15
Ares	92.721,86
Arteixo	367.935,59
Arzúa	238.929,25
Baña (A)	157.200,76
Bergondo	126.206,05
Betanzos	156.240,72
Boimorto	129.615,53
Boiro	249.832,20
Boqueixón	145.050,12
Brión	159.248,86
Cabana de Bergantiños	154.109,93
Cabanas	92.166,84
Camariñas	114.206,08
Cambre	266.114,95
Capela (A)	82.251,13
Carballo	438.463,52
Carnota	118.983,67
Carral	127.583,46
Cedeira	157.224,54
Cee	139.392,44
Cerceda	166.008,32
Cerdido	75.947,53
Coirós	77.281,90
Corcubión	47.614,25
Coristanco	210.884,20
Coruña (A)	110.783,56
Culleredo	322.470,93
Curtis	146.118,63
Dodro	75.368,15
Dumbría	158.746,41
Fene	167.348,86
Ferrol	180.850,01
Fisterra	89.078,25
Frades	129.403,09
Irixoa	102.314,07
Laxe	89.366,01
Laracha (A)	231.702,64
Lousame	132.003,34
Malpica de Bergantiños	134.528,57
Mañón	108.475,36
Mazaricos	220.235,81
Melide	225.577,18
Mesía	149.053,00
Miño	117.028,25

CONCELLO	ASIGNADO
Moeche	79.469,91
Monfero	179.348,26
Mugardos	95.249,96
Muxía	181.906,68
Muros	163.262,42
Narón	389.302,85
Neda	93.295,35
Negreira	201.867,91
Noia	172.381,74
Oleiros	344.862,16
Ordes	264.882,31
Oroso	161.122,94
Ortigueira	276.982,76
Outes	169.104,71
Paderne	92.824,80
Padrón	136.757,17
Pino (O)	187.103,30
Pobra do Caramiñal (A)	130.431,48
Ponteceso	168.698,21
Pontedeume	125.801,35
Pontes de García Rodríguez (As)	335.750,62
Porto do Son	187.107,13
Rianxo	165.304,04
Ribeira	302.925,44
Rois	153.513,08
Sada	181.657,87
San Sadurniño	134.376,26
Santa Comba	285.367,08
Santiago de Compostela	366.077,16
Santiso	127.884,65
Sobrado	149.323,33
Somozas (As)	101.495,76
Teo	252.457,28
Toques	112.256,32
Tordoia	164.956,22
Touro	180.785,90
Trazo	146.032,92
Valdoviño	158.587,28
Val do Dubra	159.654,67
Vedra	131.616,03
Vilasantar	91.529,37
Vilarmaior	68.254,77
Vimianzo	250.025,64
Zas	194.572,67
Cariño	101.200,51
Oza-Cesuras	249.837,33
TOTAL	16.000.000,00

